

PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA, SOCIEDADE ANÓNIMA

Por acordo do Consello de Administración da Sociedade, convócase Xunta Xeral Extraordinaria de Accionistas, no domicilio social de San Cibrao das Viñas (Ourense), Parque Tecnolóxico de Galicia, en primeira convocatoria o próximo día 22 de outubro de 2023 ás once horas (11.00 horas), e en segunda convocatoria, á mesma hora e lugar, o día 23 de outubro de 2023, co obxecto de deliberar e resolver sobre os seguintes asuntos:

ORDE DO DÍA

Primeiro.- Cesamento e nomeamento de conselleiros do Consello de Administración, se procede.

Segundo.- Autorización aos membros do Consello de Administración para que poidan dedicarse, por conta propia ou allea, ao mesmo, análogo ou complementario xénero de actividade que constitúe o obxecto social da Sociedade, se procede.

Terceiro.- Presentación da situación actual da sociedade e a súa actividade.

Cuarto.- Concesión de facultades para elevar a públicos os acordos que se tomen.

Quinto.- Rogos e preguntas.

Sexto.- Redacción e aprobación, se é o caso, da Acta da Xunta e/ou designación de interventores para a súa aprobación.

Igualmente, comunicase aos señores accionistas, en virtude do previsto no artigo 197 da Lei de Sociedades de Capital, o dereito que lles asiste a solicitar con anterioridade á celebración da Xunta, os informes e aclaracións que estimen precisos sobre os asuntos comprendidos na Orde do día ou formular por escrito as preguntas que estimen pertinentes ata o sétimo día anterior ao previsto para a celebración da Xunta.

Finalmente, infórmase aos señores accionistas que, por experiencia de ocasións anteriores, a Xunta celebrárase probablemente en segunda convocatoria.

San Cibrao das Viñas (Ourense), 20 de setembro de 2023.

A vicepresidenta do Consello de Administración, D^a. Patricia Argerey Vilar, representante persoa física de Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Patricia Argerey Vilar,
en representación de
Parque Tecnolóxico de Galicia S.A.
(NIF A32150088)

Fecha:

2023.09.20

13:18:31 +02'00'

